

*Corrección de erros.-Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se regula a concesión de axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos causados polas inundacións producidas no mes de novembro do ano en curso.*

Advertidos erros na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 240, do venres 15 de decembro de 2006, que non foron corrixidos no DOG nº 241, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 18.250 ao remate do artigo 4º, debe figurar:

«A presentación da solicitude implica o consentimento expreso do interesado para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006».

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 18 de decembro de 2006 pola que se establecen as medidas necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do programa de abandono parcial da produción leiteira para o período 2006/2007.*

Os programas de abandono indemnizado da produción leiteira están concibidos co fin de servir de elemento de reordenación do sector leiteiro, destinado a estimular a modernización do sector ao tempo que favorecen a incorporación dos produtores novos ás explotacións leiteiras.

Nesta perspectiva, no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, modificado polo Real decreto 1540/2006, do 15 de decembro, establécense, entre outras medidas, no seu capítulo II, sección 1ª, programas estatais de abandono total e parcial.

Con base no Real decreto 347/2003, o MAPA publicou a Orde 2914/2006, do 21 de setembro de 2006, pola que se convocan e se completan as bases reguladoras contidas no capítulo II do devandito real decreto para a campaña 2006/2007.

Trátase agora de aplicar en Galicia a convocatoria de abandono parcial complementaria recollida na disposición adicional primeira do Real decreto 1540/2006, que modifica o Real decreto 347/2003.

As cantidades totais de cota liberadas mediante este programa de abandono serán asignadas aos gandeiros a través dos instrumentos de asignación de cotas previstos no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, ou que poidan integrarse nel, como o denominado Banco nacional coordinado de cotas lácteas, que consistirá nun sistema público de adquisicións de cota en coordinación coas comunidades autónomas.

A tramitación, así como a resolución relativa ao cumprimento dos requisitos necesarios para a percepción da indemnización, corresponderalles aos órganos competentes da Administración autonómica respectiva, en función da comunidade autónoma onde estean situadas as explotacións, polo que, a través da presente orde, cómpre determinar os órganos competentes e o procedemento de tramitación con base no establecido na normativa interna de distribución de competencias. O pagamento da indemnización será realizado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo da sinatura do oportuno convenio de colaboración en que se instrumente a correspondente encomenda de xestión a que fai referencia o artigo 8.4º da antedita convocatoria do MAPA.

Ao abeiro do disposto no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural, correspóndelle á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Consellaría do Medio Rural a xestión das cantidades de referencia de leite das explotacións situadas en Galicia.

Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 30.L3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de xaneiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, así como o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

1. Pola presente orde establécense o procedemento para a solicitude, tramitación e resolución das solicitudes presentadas ao abeiro do programa de abandono parcial da produción láctea na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2006/2007, segundo o dis-

posto na disposición adicional primeira do Real decreto 1540/2006, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, e na Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro de 2006.

2. O abandono afectará unha parte da produción leiteira e o produtor deberá comprometerse na solicitude a facelo efectivo e demostralo no prazo máximo de corenta e cinco días naturais desde a entrada en vigor do Real decreto 1540/2006, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, aludido no punto anterior.

#### Artigo 2º.-Requisitos dos solicitantes.

1. De acordo co establecido no artigo 8 do citado real decreto, poderán acollerse a esta indemnización os produtores que desexen abandonar parte da cantidade de referencia que tivesen asignada a 1 de abril de 2006.

A indemnización concederáse pola cota láctea individual, tanto de entregas a compradores como de venda directa, excluída a recibida gratuitamente da reserva nacional, que teña asignada a 1 de abril de 2006.

2. Os solicitantes non deben ter tramitado durante o mesmo período cesións temporais, transferencias nin transvasamentos de cota.

3. Os gandeiros solicitantes deben estar libres de compromisos derivados de calquera axuda que perciban ou teñan percibido destinada á explotación leiteira, de entre as contempladas no Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, sobre melloras estruturais e modernización das explotacións agrarias, ou no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

4. Os gandeiros que recibisen cotas procedentes da reserva nacional poderán solicitar o abandono da súa produción aínda que as ditas cantidades de referencia non serán indemnizadas e se reincorporarán á dita reserva.

5. Os beneficiarios da convocatoria do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas regulada no capítulo II do Real decreto 620/2005, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de reestruturación do sector produtor lácteo, non se lles indemnizará por ningunha das cotas asignadas nesa convocatoria do fondo, incluída a adquirida previo pagamento, salvo que concorran e queden debidamente xustificadas os casos de forza maior e excepcionais a que se refiren as alíneas l) e m) do artigo 2 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.

6. Os gandeiros que non entregasen leite ou produtos lácteos a compradores ou que non os vendesen directamente, no período comprendido entre o 1 de abril de 2005 e o 31 de marzo de 2006 non poderán acollerse ao presente plan.

7. A concesión da indemnización aos gandeiros solicitantes do abandono parcial estará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

a) Non se permitirá o abandono parcial a aqueles produtores que tivesen unha cota total asignada inferior a 50.001 quilogramos.

b) Os produtores con cota total asignada entre 50.001 e 100.000 quilogramos, deberán reter, polo menos, unha cota de 50.000 quilogramos despois do abandono.

c) Os produtores con cota total asignada superior a 100.000 quilogramos deberán reter, polo menos, o 50 por cento dela despois do abandono.

d) En todo caso, deberase abandonar unha cantidade mínima igual ou superior ao 30 por cento da súa cantidade total asignada.

e) Para o cómputo das cantidades e porcentaxes anteriores considerárase, en primeiro lugar, a cota asignada ao produtor que tivese natureza de reserva nacional.

f) O interesado deberá presentar unha declaración xurada de que abandona a cota indicada por el, conforme o disposto no artigo 8.1º b) desta orde, no prazo de 45 días naturais desde a entrada en vigor do Real decreto 1540/2006, polo que se modifica o Real decreto 347/2003.

#### Artigo 3º.-Presentación de solicitudes e prazo.

1. Os gandeiros interesados que teñan a explotación leiteira situada na Comunidade Autónoma de Galicia poderán presentar as solicitudes para se acollerem aos beneficios establecidos na presente orde nas delegacións provinciais desta consellaría ou, preferentemente, na oficina agraria comarcal que corresponda á súa explotación. Así mesmo, poderán presentarse as devanditas solicitudes en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes, formalizadas no modelo de impreso que se xunta como anexo á presente orde, dirixiranse ao conselleiro do Medio Rural. O prazo de presentación será de dez días hábiles desde a entrada en vigor do Real decreto 1540/2006.

#### Artigo 4º.-Documentación.

Para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos, xunto coa solicitude deberase presentar a seguinte documentación:

a) En todo caso:

-Fotocopia compulsada do DNI ou CIF do titular da cota.

-Certificación da entidade financeira en que desexa domiciliar o aboamento da indemnización, con indicación do código-conta-cliente.

b) No caso de persoas xurídicas, fotocopia do poder acreditativo da representación.

c) Cando se aleguen causas de forza maior ou excepcionais, deberase presentar documentación xustificativa.

#### Artigo 5º.-Tramitación, concesión e recursos.

1. A tramitación dos expedientes corresponderalle á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias. Os servizos provinciais de Explotacións Agrarias comprobarán a documentación e emitirán un informe para a súa remisión, a través do delegado provincial, á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde para cada caso concreto, o solicitante será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixer, terase por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da citada lei.

2. A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias indicará aos interesados se a súa solicitude cumpre ou non os requisitos establecidos nesta orde, no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor do Real decreto 1540/2006.

3. A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias propondrá ao conselleiro do Medio Rural a resolución das solicitudes

4. A devandita resolución para a percepción da indemnización notificaráselles aos solicitantes antes do 1 de marzo de 2007.

No caso de que o solicitante non recibise a oportuna notificación no prazo establecido no punto 5.4º,

poderá entender desestimada, por silencio, a súa solicitude.

5. Contra as resolucións que, en aplicación da presente orde, dite o conselleiro do Medio Rural poderanse interpoñer os recursos contemplados no artigo 10 da presente orde.

6. De acordo co artigo 10 do Real decreto 347/2003 non se poderá recuperar a cota unha vez que se resolva favorablemente a solicitude de abandono polo conselleiro do Medio Rural.

Salvo desistencia antes de que finalice o prazo concedido para facer efectivo o abandono, o produtor que presente unha solicitude non poderá recuperar a súa cota.

7. Para poder percibir a axuda, o beneficiario deberá acreditar que se encontra ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento débeda ningunha, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De conformidade co previsto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, a presentación das solicitudes comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Quedan exentos desta acreditación os beneficiarios cuxo importe da axuda sexa inferior a 1500 euros segundo o artigo 41 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

8. O incumprimento dos compromisos de abandono suporá o reintegro das cantidades percibidas coa exixencia do xuro de demora desde o pagamento da indemnización, con permanencia na reserva nacional da cota abandonada.

#### Artigo 6º.-Importe.

1. De acordo co establecido no artigo 4 da orde APA/2914/2006, establécese unha única contía de indemnización de 0,27 euros por quilogramo de cota indemnizable.

Artigo 7º.-Incompatibilidade con outras indemnizacións.

A indemnización regulada nesta orde é incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

Artigo 8º.-Acreditación dos compromisos e pagamento da indemnización.

1. O abandono afectará a parte da produción leiteira e o produtor deberá facelo efectivo e demostralo no prazo máximo de 45 días naturais desde a entrada en vigor do Real decreto 1540/2006, e deberán acreditar debidamente o cumprimento do seguinte:

a) Certificado das entregas de leite e/ou produtos lácteos ou declaración do produtor das vendas directas, de acordo cos modelos que se xuntan como anexos II e III da presente orde.

b) Declaración xurada de que abandona a cota indicada por el na solicitude, de acordo co modelo que se xunta como anexo IV da presente orde.

2. Os documentos xustificativos a que se refire o punto anterior presentaranse nas oficinas indicadas no artigo 3º.1 da presente orde.

Os servizos provinciais de Explotacións Agrarias elevaranlle, a través da respectiva delegación provincial da Consellería do Medio Rural, un informe á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias sobre os solicitantes das axudas que presentaron a dita documentación xustificativa.

3. Unha vez acreditado o cumprimento dos compromisos, a Consellaría do Medio Rural ditará resolución e procederá aos trámites necesarios para que o ministerio proceda ao pagamento da indemnización ao produtor. Para estes efectos, e segundo se establece na orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, elaborárase o correspondente instrumento xurídico entre a Consellaría do Medio Rural e o MAPA.

Artigo 9º.-Deber de información.

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos competentes da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, o gandeiro ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control.

Artigo 10º.-Recursos administrativos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes,

contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Supletoriedade de normas.

En todo o non previsto nesta orde observarase o establecido no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota láctea, e nos reais decretos 313/2005, do 18 de marzo e 1540/2006, do 15 de decembro, que modifica o anterior, e na Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, pola que se regula e convoca o programa nacional de abandono da produción láctea para o período 2006/2007.

Segunda.-Autorización para tratamento de datos.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das indemnizacións reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para ditar cantas instrucións considere necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**MINISTERIO DE AGRICULTURA  
PESCA E ALIMENTACIÓN**  
DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E  
INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

REV.	GRAV.	PROB.	DENE.	EXPEDIENTE
------	-------	-------	-------	------------

PROCEDIMENTO <b>SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR ABANDONO PARCIAL DA PRODUCCIÓN LEITEIRA (R.D. 347/2003)</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>MR411B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

Quen abaixo asina, produtor de leite no sentido do artigo 2 do R.D. 347/2003 e con datos identificativos persoais e de conta bancaria que se indican a seguir, é titular da explotación que se referencia nesta solicitude:

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF OU CIF	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
			CÓDIGO

**DATOS DA EXPLOTACIÓN**

Nome	CEA	DATA DE NACEMENTO/CONSTITUCIÓN
ENDEREZO		TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
		LOCALIDADE
		CÓDIGO

**DATOS PARA O PAGAMENTO (UTILIZAR O CÓDIGO CONTA CLIENTE -20 DÍXITOS)**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
NOME DO BANCO	SUCURSAL		

**DATOS ACTUAIS EN KG**

	Entrega a compradores	Venda directa	Total
Cantidade de referencia individual total ..... (A)			
Cantidade de referencia fondo 2006 ..... (B)			
Cantidade de referencia procedente da reserva ..... (C)			
Cantidade de referencia dispoñible para o abandono ..... (A-B-C)			
Cantidade obxecto do abandono .....			

Causas de forza maior ou excepcionais

**SEGUNDO O CASO: DATOS DO NIF CORRECTO DE: REPRESENTANTE/HERDEIRO/PROPIETARIO**

**CASOS PARTICULARES DO/A SOLICITANTE/ASINANTE**

APELLIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF OU CIF	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE
			CÓDIGO

- ERROS NO CIF/DNI/NIF DO TITULAR DA CONTA. (VER NÚMERO 4.1 DE "XUNTAR Á SOLICITUDE)
- REPRESENTACIÓN (VER NÚMERO 4.2 DE "XUNTAR Á SOLICITUDE)
- HERDANZA (VER NÚMERO 4.3 DE "XUNTAR Á SOLICITUDE)
- ARRENDATARIO (VER NÚMERO 4.4 DE "XUNTAR Á SOLICITUDE)

Quen asina abaixo, titular da explotación leiteira, dálle a súa conformidade á solicitude de abandono presentada polo arrendatario.

LEGISLACIÓN APLICABLE R.D. 347/2003 Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro. Orde do 18 de decembro de 2006 pola que se establecen as medidas necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do programa de abandono parcial da produción leiteira para o período 2006/2007.	(A cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
	RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA		
En _____		

## ANEXO I

**EXPÓN:**

- 1.- Que coñece as condicións establecidas no Real decreto 347/2003 e na Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, e na orde da Consellería do Medio Rural do 18 de decembro de 2006, sobre abandono parcial da produción leiteira.
- 2.- Que coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos nesta solicitude sexan incluídos nos ficheiros informáticos e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro).

**DECLARA:**

- 1.- Que son certos os datos sinalados nesta solicitude.
- 2.- Que ten plena capacidade para subscribir o presente compromiso de ABANDONO PARCIAL DA PRODUCCIÓN LEITEIRA, e que a cantidade obxecto del non está afectada por ningún impedimento.
- 3.- Que coñece que as cantidades de referencia suplementaria procedentes da reserva nacional non serán indemnizadas e se integran á reserva nacional.
- 4.- Que coñece que as cantidades de referencia do fondo nacional coordinado de 2006 non serán indemnizadas, agás causas de forza maior ou excepcionais.

**COMPROMÉTESE A:**

- A) Non renunciar á solicitude unha vez se dite resolución sobre ela.
- B) No caso de que lle sexa concedida a indemnización:
  - B.1.) Someterse aos controis que efectúe a autoridade competente para verificar que se cumpren as condicións de ABANDONO PARCIAL da produción leiteira.
  - B.2.) Facer efectivo o ABANDONO PARCIAL nas datas sinaladas na orde de convocatoria.
  - B.3.) Renunciar a toda asignación dunha cantidade de referencia con cargo á reserva nacional.
- C) Reembolsar a indemnización cobrada máis os xuros correspondentes en caso de incumprimento.

**XUNTA Á SOLICITUDE:**

- 1.- Fotocopia do DNI ou NIF, no caso de persoas físicas.
- 2.- Fotocopia do CIF e do poder acreditativo da representación no caso de persoas xurídicas.
- 3.- Certificado da entidade bancaria que acredite a titularidade da conta corrente ou cartilla por parte do/a solicitante ou, se é o caso, ao lado dos DATOS PARA O PAGAMENTO, ou cambio de entidade.  
En ambos os dous casos utilizar o código conta cliente (formato de vinte díxitos).
- 4.- Casos particulares do/a solicitante/asinante.
  - 4.1.) Suposto de erros no CIF/DNI/NIF do/a titular da conta:  
Fotocopia do NIF/CIF correcto e dalgún documento oficial en que conste o erro no NIF, máis solicitude de corrección do erro segundo modelo dispoñible.
  - 4.2.) Suposto de actuación por representación:  
Documento público acreditativo da súa representación ou dilixencia por funcionario competente expedida após a comparecencia persoal do/a interesado/a.
  - 4.3.) Suposto de actuación por herdanza:  
Certificado de defunción do/a titular da cota, declaración de herdeiros e, ademais, a documentación seguinte:  
Se o solicitante actúa en representación da comunidade hereditaria do/a titular da cota, documento público acreditativo da súa representación. Para estes efectos poderase outorgar a representación por comparecencia ante o/a funcionario/a competente que deberá expedir a correspondente dilixencia segundo o modelo que se xunta á solicitude.  
Se o solicitante actúa no seu propio nome, documento público de partilla dos bens hereditarios, onde figure expresamente que a cota de leite lle corresponde na súa totalidade ao solicitante.
  - 4.4.) Suposto de actuación por arrendatario da explotación:  
Fotocopia do NIF/CIF do/a propietario/a, máis a sinatura da súa conformidade con esta solicitude.
- 5.- Documentación xustificativa das causas de forza maior ou excepcionais.
- 6.- Outros documentos

(Especifíquense)

--

**SOLICITA:**

Que de acordo co establecido no Real decreto 347/2003 e na Orde APA72914/2006, do 21 de setembro, e na orde da Consellería do Medio Rural do 18 de decembro de 2006, lle sexa concedida a indemnización por ABANDONO PARCIAL da produción leiteira, e que o seu ingreso se realice na conta bancaria que figura nesta solicitude.

Asdo.:

--

En

,

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DAS ENTREGAS DE LEITE E/OU PRODUTOS LÁCTEOS PARA OS EFECTOS DO ABANDONO PARCIAL DA PRODUCCIÓN DE LEITE

D/Dª  , con NIF

como representante legal da empresa denominada

.con CIF  e número de autorización como primeiro comprador:

Para os efectos do previsto no Real decreto 347/2003, sobre regulación do sistema de xestión da cota láctea, da Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, e da orde da Consellería do Medio Rural do 18 de decembro de 2006 sobre abandono parcial da produción de leite.

**CERTIFICA QUE:**

D/Dª  , con NIF

ten entregadas desde o 1 de abril de 2006 ata esta data:

	<u>Período en curso</u>
Cantidade de leite entregado (kg)	<input type="text"/>
Contido en materia graxa (%)	<input type="text"/>
Cantidade de leite corrixido pola graxa (%)	<input type="text"/>

En \_\_\_\_\_ ,

ANEXO III

DECLARACIÓN DO PRODUTOR DAS VENDAS DIRECTAS, PARA OS EFECTOS DO ABANDONO PARCIAL DA PRODUCCIÓN DE LEITE

D/Dª  , con NIF/CIF

e enderezo en

provincia  , e localidade

Como produtor de leite con cantidade de referencia de venda directa e para os efectos do previsto no Real decreto 347/2003, sobre regulación do sistema de xestión da cota láctea, na Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, e na orde da Consellería do Medio Rural do 18 de decembro de 2006 sobre abandono parcial da produción de leite

**DECLARA QUE:**

As cantidades comercializadas desde o 1 de abril de 2006 ata esta data foron as seguintes:

	<u>Período en curso</u>
Cantidade de leite e/ou produtos lácteos comercializados directamente, en equivalente en leite (kg)	<input type="text"/>

Así mesmo, declara que os datos anteriores son certos, someténdose aos controis e a facilitar os documentos e xustificantes relacionados con eles que consideren necesarios as autoridades competentes.

En \_\_\_\_\_ ,